



Expediente número: PLN/2018/9

## ACTA

**Sesión Ordinaria 9/2018 celebrada polo  
Pleno do Concello o día 26 de xullo de 2018**

## ORDE DO DÍA

### PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 8/2018 do 04/07/2018
2. Aprobación do Orzamento ano 2018
3. Modificación da RPT do Concello. Creación dunha praza de Auxiliar Administrativo Funcionario a Xornada Parcial.
4. Aumento do Límite Global das Gratificacións do Persoal Funcionario do Concello III
5. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos VI
6. Aprobación inicio procedemento Declaración como BIC Danza das Penlas de Redondela

### PARTE DE CONTROL

7. Dar Conta do Informe do 2º trimestre 2018
8. Dar Conta dos Expediente de Modificación de Crédito: MC 15/2018.GC03/18, MC 16/2018.TC08/18, MC 17/2018.GC04/18, MC 18/2018.GC05/18, MC 19/2018.TC09/18, MC 20/2018.TC10/18, MC 21/2018.GC06/18 e MC 22/2018.TC11/18
9. Actividades de control do pleno.
  9. 1 Dar conta das resolucións de alcaldía.
  9. 2 Mocións.
  9. 3 Rogos e preguntas.

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía número 1969/2018 de data 20 de xullo de 2018, e sendo as vinte horas e cinco minutos do 26 de xullo de 2018 coa presidencia do sr. Alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:



### **GPM PP**

Arturo González Barbeiro  
María José Barciela Barros  
María del Carmen Amoedo Dasilva  
Ángela Antón Pazos  
Jesús Crespo López  
Teresa París Blanco  
Julio César Mougán Vázquez  
Miguel Ángel Álvarez Ballesteros

### **GPM PSOE**

Mauro Álvarez Castro  
Ana Isabel Rey Gómez  
Eduardo José Reguera Ocampo  
Leonardo Cabaleiro Couñago  
Digna Rosa Rivas Gómez  
Isaac Borja Araújo Figueroa

### **GPM AER**

Xosé Covelo Míguez  
Noé Cano Correa  
Juan Roberto Darriba Ferradás  
Javier Bastos Devesa

### **GPM BNG**

Xoán Carlos González Campo

### **NON ADSCRITO**

Enrique Fojo Durán

Asiste o Interventor do Concello, sr. Ángel Santamariña Rivera; e o sr. Carlos López Quintáns, Secretario Municipal, que dá fe do acto.

Unha vez verificado polo Secretario o quórum e a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, da que estendo a presente acta.

### **INCIDENCIAS:**

1) Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.



2) O sr. Alcalde, sendo as 22:12 horas acorda un receso na sesión. Sendo as 22:35 horas reiníciase.

3) Previamente a tratar os rogos e preguntas, no punto 9.3 abandona a sesión Xoán Carlos González (BNG).

## **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 8/2018 do 04/07/2018**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria núm. 8/2018 do 04/07/2018.

### INTERVENCIONS:

Sra. Rey: non están incluídos os rogos do PSOE.

Alcalde: deben incorporarse porque efectivamente quedamos en que se incorporaban á acta.

### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, coa rectificación proposta polo PSOE, apróbase, por unanimidade dos/as concelleiros/as sendo 21 votos a favor (09 do PP, 06 do PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

## **2. Aprobación do Orzamento ano 2018**

### ANTECEDENTES:

Vista a proposta da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda do día 17/07/2018 que di:

*“Visto o proxecto de orzamento Xeral para o exercicio 2018, que inclúe o orzamento municipal e o da Sociedade Mercantil “Radio Redondela, S.L.”.*

*Vista a estrutura orzamentaria aprobada na orde EHA/3565/2008 de 3 de decembro pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, que no estado de ingresos recóllense previsións razoables dos ingresos que se prevén liquidar, e no estado de gastos, os créditos necesarios para atender as obrigas esixibles a Corporación, que se forma o orzamento con toda*



a documentación prevista na lexislación vixente e que o mesmo atópase equilibrado cumprindo así co disposto no artigo 165 do TRLFL.

De conformidade cos artigos 168.4 e 5 do TRLFL e 90 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

E estas son as motivacións que levan a propor a esta Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello, que ascende cos seguintes resúmenes:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA - INGRESOS		
TOTAL ORZAMENTO		IMPORTE
Total capítulo 1	IMPOSTOS DIRECTOS	7.919.978,16 €
Total capítulo 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	455.000,00 €
Total capítulo 3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	2.447.695,00 €
Total capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	8.204.176,76 €
Total capítulo 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	38.608,99 €
Total capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
Total capítulo 8	ACTIVOS FINANCEIROS	36.000,00 €
Total capítulo 9	PASIVOS FINANCEIROS	80.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>19.181.458,91 €</b>

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA - GASTOS		
TOTAL ORZAMENTO		IMPORTE
Total capítulo 1	GASTOS DE PERSOAL	6.438.865,15 €
Total capítulo 2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS	7.860.212,41 €
Total capítulo 3	GASTOS FINANCEIROS	79.749,21 €
Total capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.502.443,32 €
Total capítulo 6	INVERSIONS REAIS	50.000,00 €
Total capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	2.312.218,32 €



<b>Total capítulo 8</b>	ACTIVOS FINANCEIROS	<b>401,00 €</b>
<b>Total capítulo 9</b>	PASIVOS FINANCEIROS	<b>36.000,00 €</b>
<b>TOTAL</b>		<b>19.181.458,91 €</b>

CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS - GASTOS		
TOTAL ORZAMENTO		IMPORTE
Área de gasto 1	SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS	<b>8.560.902,02 €</b>
Área de gasto 2	ACTUACIONES DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	<b>2.436.322,80 €</b>
Área de gasto 3	PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	<b>3.876.218,67 €</b>
Área de gasto 4	ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO	<b>442.878,30 €</b>
Área de gasto 9	ACTUACIONES DE CARÁCTER XERAL	<b>2.963.872,41 €</b>
Área de gasto 0	DEUDA PÚBLICA	<b>901.264,71 €</b>
<b>TOTAL</b>		<b>19.181.458,91 €</b>

**SEGUNDO.** *Aprobar inicialmente a plantilla-anexo de persoal que acompaña ao Orzamento. Nesta plantilla recóllese a creación dunha nova praza de auxiliar administrativo de natureza funcional a xornada parcial (20 horas en cómputo semanal), escala da Administración Xeral, subescala auxiliar, do grupo C, subgrupo C2. A creación desta nova praza é necesaria para dar cobertura orzamentaria á modificación da relación de postos de traballo. Conforme o artigo 38.3 da Lei de Emprego público de Galicia, os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.*

*A esta nova praza adscribirase A.D.L. con NIF XX.XX3.499D (-aplícase protección de datos-), persoal laboral indefinido non fixo, ata que se produza a cobertura regulamentaria da praza.*

**TERCEIRO.** *De acordo co apartado sexto do artigo 21 do Real Decreto 500/90 entender que no acordo de aprobación do orzamento as modificacións orzamentarias MC 06-18 tc 03-18, MC 09-18 tc 05-18, MC 13-18 tc 7-18, MC 16-18 tc 8-18 e MC 20-18 tc 10-18 consideraranse incluídas nos créditos iniciais, procedendo a anular as mesma unha vez entre en vigor o orzamento.*



**CUARTO.-** Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do anuncio polo que se expoña ao público o expediente e acordo adoptado, facendo constar que por prazo de quince días hábiles os interesados indicados no artigo 22.1 do RD 500/90 do 20 de abril, poderán examinalo e formular as reclamacións as que se refire o apartado 2 do artigo citado.

**QUINTO.-** O orzamento xeral considerarase definitivamente aprobado se durante o período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, entrando en vigor previa inserción no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dun resumo por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

**SEXTO.-** Do orzamento definitivamente aprobado remitirase copia aos órganos competentes do Estado e da Xunta de Galicia.”

#### INTERVENCÍONS:

Alcalde: propón a inclusión da emenda referente ós grupos políticos e ás xustificacións do gasto que fan. Di que a votarán despois.

Sra. Amoedo: existen unha serie de piares sobre os que se pensou o orzamento: áreas de servizos sociais, ensino e emprego. Tamén se recolle a realidade do aumento de axuda a domicilio. É unha das partidas que máis aumentou. Aumento da partida de alfabetización de adultos. Ir mellorando as partidas que afectan ás persoas sen recursos. Tamén está a partida necesaria para o mantemento do Centro do Día, tamén para a apertura da parte residencial na que o Concello quere chegar a firmar un convenio co Consorcio para que a 10 prazas do Centro Residencial poidan acceder persoas do Concello.

Recolle as achegas municipais para a realización do Redondela 2020, para que se faga realidade. Naceu como unha idea e necesita o seu desenrolo. Todos aprobamos a estratexia de desenvolvemento urbano sostible. Tamén se trata neste orzamento de responder ás necesidades dos cidadáns de Redondela. Os nosos orzamentos teñen unhas estimacións adecuadas. Este orzamento permitirá que poidamos levar a cabo o Redondela 2020. Tratamos de ser realistas nas partidas de ingresos, buscamos que se cumpran.

En cuestións como a do IBI tivéronse en conta os datos de exercicios anteriores, se sube pero a cantidade aínda é inferior ós dereitos recoñecidos netos de 2017. Tamén está o imposto sobre vehículos cun aumento do 6% cando todas as enquisas nos dan que as vendas de vehículos superarán o 7%. No cálculo do imposto de construcións tívose en conta a realidade actual. Buscamos unhas previsións reais e equilibrio. No imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana tívose en conta a dificultade de cálculo deste imposto porque non vai por padrón. Nos axuda a levar unha estimación axeitada.



Na parte de gastos en persoal seguiu-se o disposto pola normativa orzamentaria do Estado. Se incrementan as retribucións conforme a Lei de Orzamentos do Estado e con acordo da Mesa de Negociación. O 0,3% de fondo adicional se trae para poder aprobar. Dentro dos gastos se inclúe a actualización de contratos como a limpeza de colexios, tamén o crédito das facturas que emite AQUALIA pola uso da depuradora de Teis.

Ó longo deste ano o Concello continuará no aforro de gastos e servizos que se veñen prestando. Este goberno ampliou partidas para mantemento de estradas, recollida de residuos, servizos da policía local e de emerxencias. Este equipo de goberno segue dándolle prioridade á mobilidade sustentable. Dende o 2015 adherímonos ó convenio de transporte metropolitano, fai que levemos 52.000 euros para este convenio. Seguimos pelexando co Concello de Vigo. Se está facendo un traballo consecuente. No Redondela 2020 tamén vai unha partida para transporte sustentable. Hai que mellorar o transporte entre as parroquias para que o transporte interparroquial sexa unha realidade. Seguiremos nesta liña.

En actuacións medioambientais existen créditos orzamentarios para sendas, medio ambiente e concienciación. Para min é prioritaria a política de fomento e promoción social. Especial empeño en políticas sociais e emprego. Se manteñen as axudas de emerxencia social, ante calquera necesidade nesta partida sempre ten que existir crédito. Desde os orzamentos 2016 se aumenta a partida de axuda no fogar de 330.000 a máis de 500.000 euros. Temos que darlle cabida e prestar o servizo. No Redondela 2020 hai unha partida para adecuar o local de servizos sociais. Os locais son unha realidade. Na área de xuventude temos que seguir dando cabida e buscando campañas que conecten coa nosa xuventude, a través do programa que temos pola Cidade da Infancia estamos facendo unha serie de campañas para darlle un empurrón máis a este tipo de accións. Na área de emprego seguimos apostando cos plans de emprego, seguen existindo partidas para os plans e obradoiros, entendemos que dende esta área é un bo xeito para axudar. Dende o Concello é a nosa obriga traballar. O Concello ten que facer unha importante captación deste abanico de persoas que están nesta realidade social.

Continúan os programas en materia de cultura con máis divulgación e máis actuacións: Illa de San Simón, Choco, casco antigo, Monte Penide... Respecto do deporte debe aspirar a novas metas das actividades postas en marcha nos últimos anos, non só falamos de fútbol e balonmán, triatlón, maratón, a travesía a nado, skate park e novas canchas de baloncesto están incluídas no Redondela 2020. Creo que este orzamento dá continuidade a todo o traballo que se fixo e vaille moi ben a este Concello. Pono no calendario deportivo e ademais fomenta deportes que non sexan os masificados.

En políticas de investimentos hai cambios importantes. Son máis de 2 millóns de euros. O Redondela 2020 conta con 1.200.000 euros. Temos que contar co que poderemos facer cos tempos que nos marquen. Expropiación de terreos para continuar coa ampliación de viarios, cuestións de mellora de seguridade



viaria, mellora de camiños municipais, plan de mobilidade sostible, actuacións de alumeadado público e eficiencia enerxética, compra de nova caseta para socorristas de Cesantes, novas sendas verdes, actuacións xerais dentro de servizos sociais, redacción do proxecto da futura gardería de Chapela, novos espazos culturais dentro do Redondela 2020, recuperación e melloras do patrimonio de Redondela, adquisición de maquinaria para deportes, mellora e arranxo de edificios deportivos. Reforma do Mercado de Redondela e do Mercado de Chapela.

Seguimos sen pedir préstamos, os créditos pendentes pasaron de 11 millóns cando chegamos a 3 millóns agora. Apelo a súa responsabilidade. A excepción de AER o resto de grupos non aportou nada. O orzamento é un documento moi importante para o Concello.

Sr. Fojo: os orzamentos de 2018 nos parecen mellores que os do ano pasado. Subiron partidas en áreas que eran moi demandadas. Preocúpanos partidas das horas extras, dos remanentes... tamén que traian os orzamentos tan tarde é motivo de preocupación. Existen cifras supeditadas a axudas europeas como o Redondela 2020, se aprobamos orzamentos ou non influirá no desenrolo do 2020. Pensamos que se podería facer un pouco máis de esforzo cos orzamentos participativos para implicar o maior número de poboación.

Sr. González (BNG): anunciamos que votaremos en contra. Despois da exposición que fixo a voceira do PP temos máis argumentos para votar en contra. Venden os orzamentos como se fosen magníficos. Non sabemos porque no ano 2017 non presentaron unha boa proposta de orzamentos. Van minando ós grupos da oposición porque co remanente por exemplo se non se vota o que o equipo de goberno quere, a culpa é da oposición. Gastan a mans cheas e despois piden que a oposición faga de palmeiros. Queremos facer unha análise global do que significa a xestión do PP de Redondela. Hai unha partida que todos os anos os Concellos reciben, 1.200.000 euros a través do Plan Concellos. Existe un mal gasto como pianos de cola, cortinas para o pavillón... se coñece que estas cousas son prioritarias. A liquidación do orzamento de 2017 reflexa ó rematar o ano en que gastaron e cales foron as súas prioridades: en convenio interparroquial gastaron menos do orzamentado, por exemplo. Aforrando tamén nos orzamentos participativos, aforraron con subvencións a entidades culturais, en mocidade tiñan orzamentados 60.000 euros e só gastaron 19.000 euros. En programas de inclusión social gastaron cero euros. En publicidade e cultura gastaron moito máis do orzamentado. Fai referencia á voceira do PP ó traslado de servizos sociais, se tivese dignidade non volvería a falar diso. Non xestionaron nada dos novos locais de servizos sociais, foi unha xestión do BNG.

Utilizan o tema do Redondela 2020 para meter presión, non se pode confiar en vostedes. Cando falan de sendas peonís ¿cren que alguén se pode fiar co paseo que fixeron na praia?. Vostedes queren actuacións espectaculares, o do mantemento non é prioritario para vostedes. O tema da pista de skate e





baloncesto é importante pero colocaranas á beira do río, están saturando A Marisma.

Sr. Darriba: nos gustaría que este fose un pleno independente e facelo o día 30.

A Sra. Amoedo utiliza o “estamos trabajando en ello”. Aquí temos un problema que é de soberbia, só nós interpretamos ben o que hai que facer por Redondela, e no seu discurso sempre din “a pesar do mala que é a oposición”. Faltoulle dicir que somos demagóxicos. Aquí se gobernou con orzamentos prorrogados sen ningún problema.

Comeza a falar dos ingresos e de acordo cos informes de Intervención, non din o mesmo que din vostedes. A previsión de gastos manéxana para mover as partidas dun lado para outro. En canto a gastos hai dúas partidas fundamentais: gastos persoal e gastos correntes.

Importantes as subvencións e todo o demais que se faga. Con vostedes os Consellos Parroquiais teñen unha ordenanza que non sabemos canto tempo levan; respecto dos servizos privatizados, dos documentos participativos... o que se fai non ten nada que ver co que se aprobou; dos reparos nos gustaría non telos cada tres meses. Vostedes consensúan á forza, cando non hai outra. Levaron ó límite o remanente de 2016 e non o consensuaron. No remanente de 2017 quixeron facer o mesmo pero xa non se fixo, consensuaron á forza. Para existir confianza ten que existir criterio.

Sr. Álvarez (PSOE): sra. Amoedo vouna poñer en situación. O orzamento chega tarde. O último orzamento aprobado foi o 30 de decembro de 2015 cun método hoxe anticonstitucional. En 2017 non presentaron orzamento porque non tiveron valentía para debate. E agora 7 meses tarde presentan o orzamento deste ano. A día de hoxe prima ter uns orzamentos, non ten sentido seguir esperando uns orzamentos que a oposición leva pedindo 2 anos. O orzamento é tardío e inconcreto. Exceso de conservación, partidas que presentan de forma abstracta para despois mover entre partidas, exemplo falan de maquinaria para deporte pero non concretan. A responsabilidade tamén é do sr. Alcalde porque el é quen ten esta área. Aínda que vostedes din aquí que teñen un proxecto, vostedes fan campaña electoral e nada máis. Non teñen proxecto. Buscan un titular electoralista. Vostedes sempre presumen de traballar, vostedes non traballaron nos orzamentos. Son cravados ós de 2016 salvo algunhas partidas que afectan por exemplo ó Redondela 2020. Vostedes sobreestiman os ingresos pero hai risco da estabilidade orzamentaria. Vostedes estiman ingresos nas taxas de prezos públicos e nas terrazas pero a día de hoxe non son quen de xestionar a ordenanza de terrazas. No imposto de vehículos sempre estiman a maiores, na plusvalía non dixo que ten unha rebaixa porque se aprobou unha ordenanza que contempla bonificacións, no catastrazo recadaron 1.600.000 euros o ano pasado. Vostedes buscarán sempre un titular de que os orzamentos son só unha estimación.



Sra. Amoedo: sr. Fojo preocúpase polo tarde que traemos os orzamentos pero en Madrid o partido que vostede representaba aínda non os presentou. A súa única preocupación é a das horas extras pero como debería saber temos unha limitación nesa partida e para aumentar teríamos que amortizar prazas. Aquí é onde ten que demostrar se Redondela lle importa. Sr. González vostede aínda que os trouxeramos en xaneiro non votaría a favor, vostede é anti-PP; vostede ante calquera proposta que sexa boa para Redondela non aceptaría; dende febreiro que teñen o borrador de orzamento non foi quen de presentar sequera unha proposta. Vostede fala de todo menos dos orzamentos, non os traballou e quere facer política da mala, sabe perfectamente que son uns bos orzamentos. Non quere que se invista en cultura nin en deporte. As bases que se fan para as axudas son iguais para todos os clubs. Fala de que saturamos a beira do río coa cancha de skate e baloncesto pero antes había trapicheos e vertidos. Dicirlle ó PSOE que a realidade é que vostedes non cambian nada. Non fixeron nin unha soa proposta en cinco meses, o Alcalde os invitou a que o mirasen e fixesen propostas. O orzamento é unha estimación, non é que non gastemos, facemos contención cando é necesario. A realidade do presidente do goberno é que a súa primeira preocupación é o Valle dos Caídos. Nestes orzamentos cámbianse partidas na área de emprego e servizos sociais, que é onde se teñen que facer.

Sr. González: o PP de Casado xa aterrou en Redondela, botado a monte. Dixo na súa primeira intervención que a futura gardería pero máis ben é escola infantil, recordo para isto existirán cartos e para o traslado de servizos sociais o será a través do Redondela 2020. Isto reflexa a falta de criterio. Eu son anti-PP, porque xustifican as falcatuadas que fan en favor das empresas privadas. Temos que dicirle non a estes orzamentos porque hai unha falla de estratexia e de criterio, non teñen proxecto, nas actuacións que queren desenvolver prima o impacto mediático, existe manifesta irresponsabilidade na xestión dos recursos públicos, hoxe vívese peor que hai 8 anos. Non lle podemos dar o apoio a un goberno que practica a censura, con soldos de 4 concelleiros 23.000 euros cada un e fan o 60% da xornada. Non participamos no Redondela 2020 porque no Marisma enganáronnos, non tropezaremos outra vez na mesma pedra. Falan de mobilidade pero en Redondela o vehículo gañoulle a partida ós peóns.

Sr. Darriba: existe unha partida de vestiario sobredimensionada. En festas e saraos o ano pasado tiñan de previsión de cento e pico mil e finalmente gastaron catrocentos e pico mil. No control de servizos privatizados levamos anos e anos, non acabamos de recibir as contas. En investimentos temos que comprobar con secretaría se estamos ante un delito; con Aqualia eles asumen a conservación e mantemento e no orzamento temos un montón de partidas que gastamos a través dos nosos cartos e entendemos que debería asumilo Aqualia. A depuradora de Teis é unha broma, factúranos o mesmo con caudalímetro que sen el. Urbaser en facturas de algas, non sabemos quen controla ou se se controla. Nas modificacións de crédito nós fixemos unha proposta pero imos ter que retiralas porque vostedes seguirían facendo o



mesmo. Non entendemos que o soldo do Alcalde que provén doutras administracións non se publique. Nas subvencións a grupos políticos esperamos que a emenda quede aprobada. Da proposta que tiñamos non a podemos levar adiante porque sabemos que prexudicaría a intervención. Entendemos que hai un acordo e esperamos cumprilo. Dixo que son humildes pero o son á forza, cando o teñen que consensuar.

Sr. Álvarez (PSOE): sra. Amoedo vostede utilizou un discurso baleiro e racista. No Redondela 2020 hai partidas que non están ben calculadas. Vostedes din que xestionarán un baixo na rúa 8 de marzo pero vostedes chegaron a votar en contra desa proposta. Vostede presume de xuventude pero ten un plan feito do ano pasado e dixeron que non vale; nos orzamentos participativos non teñen nin idea de xestionalos, non veñen nin a pleno porque o meteron nas bases de execución do orzamento por resolución de Alcaldía.

Investirán cartos na reforma dos Mercados de Redondela e Chapela pero deberían facer un investimento que estea á altura. Na praia de Cesantes non están facendo o mantemento do paseo. Non saben para que adicarán 260.000 euros en obras xerais, a súa inversión é ínfima. Vostedes sostéñense co Plan Concellos. En mantemento de camiños adican moi pouco.

Sra. Amoedo: sr. Álvarez falan vostedes de despilfarro e temos unha escultura que aínda non sabemos onde poñer. Me fala de moitas cousas pero o problema é que o orzamento en pinzas teno vostede, en 5 meses non fixeron nin unha soa achega. Saben onde saen as inversións para saneamento, do Plan Concellos. Cando estaban vostedes había parroquias que non tiñan nin un 5% de saneamento. No paseo da Portela dende o minuto 1 que se fixo ese paseo, no inverno coa humidade non se pode pasear por aí. O Plan E o investiron tamén na chapuza da piscina de Chapela Vamos pola boa senda e estes non son proxectos electoralistas. Vostede fixo poñer en contra a ANPAS para que non se puxese a Escola Infantil en locais que estaban sen usar. Tamén falan do traslado do local de servizos sociais pero o que propuñan era nun local distinto ao que se trasladan

Alcalde:

O Alcalde propón a seguinte EMENDA aos orzamentos:

“De conformidade co artigo 97.5 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, FORMULO a seguinte EMENDA ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda en data 17 de xullo de 2018 motivada pola procura de acadar o mellor texto posible para a aprobación por parte do Pleno dos orzamentos. Tralas conversas mantidas co grupo municipal de AER chégase a necesidade de acadar unha mellor



xustificación das achegas que este Concello outorga ós grupos municipais, propondo para elo que se recolla a obrigatoriedade de que os diferentes grupos municipais xustifiquen o destino das devanditas asignacións.

É por elo que se propón o seguinte cambio que afectará á base 53ª das bases de execución do orzamento engadindo un novo punto á mesma:

*Base 53ª. – Dotacións ós Grupos Políticos.*

*1. Os grupos políticos do Concello percibirán a asignación económica aprobada polo Pleno en sesión plenaria unha vez cumprido o requisito da existencia de crédito.*

*2. Estas asignacións estarán baixo o réxime establecido no artigo 73 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

*3. Os grupos políticos do Concello porán a disposición dos servizos de intervención a contabilidade anual correspondente a estas asignacións para ser fiscalizadas, e xunto co informe correspondente, elevaranse ante o Pleno, publicándose posteriormente na páxina de transparencia do Concello.”*

#### VOTACIÓN DA EMENDA:

Sometida a votación a proposta da inclusión da Emenda, resulta aprobada en votación ordinaria por unanimidade dos concelleiros presentes, sendo 21 votos a favor (09 do PP, 06 do PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito)

#### VOTACIÓN E ACORDOS:

Sometida a votación a proposta antes indicada coa emenda incorporada, resulta aprobada en votación ordinaria por maioría dos concelleiros presentes, sendo 09 votos a favor do PP, 08 votos en contra (06 do PSOE, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito) e 04 abstencións de AER.

#### EXPLICACIÓN DE VOTO:

Sr. Darriba: asinamos un compromiso e aparte da introdución desta emenda, os orzamentos participativos non terán partida a partir de xaneiro; e os créditos do Redondela 2020 pasarán a estar non dispoñibles. Elo supoñerá que o novo goberno que entre despois das eleccións teña que consensualo.

Alcalde: o que demostra este acordo é que para poder sumar se pode falar de todo. O que se recolle é un acordo de vontades para que tecnicamente non exista ningún atranco e non colapsemos a intervención. Hai unha parte que se refire ós orzamentos participativos de que en xaneiro de 2019 serán indispoñibles. E en abril de 2019 deixaremos indispoñibles os créditos do 2020



que non se comprometeran. Todo elo co obxecto de que exista a participación de todos. A vontade de AER e do equipo de goberno é a de incorporar a todos os grupos na toma de acordos.

Sr. Cabaleiro (PSOE): se o acordo está por escrito me gustaría coñecelo. Agora se comprende porque goberna o PP.

### **3. Modificación da RPT do Concello. Creación dunha praza de Auxiliar Administrativo Funcionario a Xornada Parcial.**

#### **ANTECEDENTES:**

Vista a proposta da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda do día 17/07/2018 que di:

*“O 01.05.2015 o Alcalde resolveu recoñecer a A. D. L. con NIF xx.xx3.499D a condición de persoal laboral indefinido (non fixo) permanecendo adscrita ao posto de auxiliar administrativo laboral da Escola/Conservatorio de Música (a extinguir) ata o intre en que dita praza sexa amortizada, unha vez que se cubra definitivamente a mesma praza de carácter funcional xa existente no cadro de persoal e na Relación de Postos de Traballo de Redondela (RPT) consonte coa Oferta de Emprego Público do ano 2013 (refundida) na que se atopa incluída dita praza.*

*De acordo coa relación de postos de traballo definitivamente aprobada polo pleno do Concello o 31.03.2015 o posto de AUXILIAR ADMINISTRATIVO adscrito ao Conservatorio-Escola de Música tiña natureza funcional polo que o seu carácter laboral era a extinguir, debendo amortizarse ao producirse a cobertura da praza tralo desenvolvemento do correspondente proceso selectivo e de acordo coa Oferta Pública de Emprego do ano 2013.*

*Por resolución de Alcaldía de 2 xaneiro de 2017 declarouse extinguida a relación de traballo de A. D. L. co Concello de Redondela con efectos do 01.02.2017 e declarouse amortizada a praza de auxiliar administrativo laboral a partir do día 1 de febreiro de 2017*

***A Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (sala do social) de 26 de xuño de 2018, recurso de suplicación 1232/2018, notificada o 29 de xuño ao Concello, acorda estimar o recurso de suplicación interposto por M. A. D. L. fronte á sentenza de 28 de novembro de 2017 do Xulgado do Social n.º 5 de Vigo, e revocando a sentenza de instancia, declárase a improcedencia da decisión extintiva impugnada, con opción anticipada pola traballadora demandante, na súa condición de representante dos traballadores, pola readmisión con abono de salarios de tramitación. E, en consecuencia condénase ao Concello de Redondela á readmisión con abono dos salarios de***



tramitación en cantidade igual ós salarios deixados de percibir nos termos do artigo 56.2 do Estatuto dos Traballadores, e atendendo ó salario regulador de 34,76 euros diarios.

De conformidade cos artigos 278 e 297 da Lei 36/2011, reguladora da xurisdición social, cando o traballador a quen corresponda a opción entre a readmisión e a indemnización optase pola readmisión, esta deberá producirse sen esperar á firmeza da sentenza, e o Concello "deberá comunicar por escrito ao traballador, dentro dos dez días seguintes a aquel en que se lle notifique a sentenza, a data de reincorporación, para efectuala nun prazo non inferior aos tres días seguintes ao da recepción do escrito.

O Concello de Redondela non conta na plantilla de persoal vixente cunha praza vacante de auxiliar administrativo a tempo parcial, e polo tanto tampouco existe praza vacante destas características adscrita ao Conservatorio de Música. Existe unha praza funcional pero que non está vacante e non resulta eficaz e eficiente para o Concello crear unha nova praza destas características adscrita ao Conservatorio de Música.

O Concello estima que é prioritario que a nova praza que se cree sexa unha praza de auxiliar administrativo funcionario a xornada parcial, para cubrir posto de auxiliar administrativo adscrito ao departamento de Benestar Social-Servizos Sociais. Deste xeito asegúrase o funcionamento eficaz da administración e darase cumprimento á sentenza.

O posto funcional, non vacante, de auxiliar administrativo a xornada parcial existente actualmente e adscrito ao Conservatorio de Música ten na relación de postos de traballo municipal asignadas funcións equivalentes ás que ten asignado un posto de auxiliar administrativo funcionario adscrito ao departamento de servizos sociais. Ambas prazas pertencen á escala da Administración Xeral, subescala auxiliar, do grupo C, subgrupo C2 e ambos postos teñen un nivel 16; e teñen retribucións equivalentes (se calculamos proporcionalmente a xornada completa coa xornada parcial).

En Mesa de Negociación municipal celebrada o 11 de xullo de 2018 mostrouse a conformidade con que se cree unha nova praza funcional de auxiliar administrativo a xornada parcial, adscribíndose o posto de traballo ao departamento de Benestar Social-Servizos Sociais.

Sendo necesario modificar a relación de postos de traballo co obxecto de contemplar unha praza máis, a xornada parcial, no posto de auxiliar administrativo adscrito a benestar social, sen que sufra ningunha outra modificación e en cumprimento do artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e art. 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL O SEGUINTE ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo deste Concello (aprobada polo pleno do Concello o 31.03.2015) creando unha nova praza de auxiliar administrativo de natureza funcional a xornada parcial (20 horas en cómputo semanal), escala da Administración



Xeral, subescala auxiliar, do grupo C, subgrupo C2 e nivel 16, adscrito ó departamento de benestar social e percibindo as retribucións proporcionais correspondentes ó posto de auxiliar administrativo a xornada completa adscrito a este departamento; o que supón que este novo posto teña un complemento específico anual de 4.569,16 euros (a 14 pagas e que contemplan a suba do 1,75% que permite establecer a Lei de Orzamentos do Estado para o ano 2018).

Deste xeito, a páxina 70 da Relación de Postos de Traballo quedará como segue:

Denominación do posto de traballo: auxiliar administrativo.

Adscrición: Benestar Social.

Relación Laboral: funcionario.

Grupo: C2

Sistema de acceso: oposición.

N.º de prazas: 2 a xornada completa e 1 a xornada parcial (20 horas).

Nivel: 16

Categoría profesional: auxiliar.

Titulación esixida: Graduado en E.S.O., Formación Profesional de 1º grao ou equivalente.

Especialidade: Non requirida.

Coñecementos específicos: coñecementos de informática e galego.

Misión: realizar tarefas auxiliares de apoio administrativo aos distintos departamentos municipais.

Funcións principais:

1. Realizar o rexistro de entrada e saída.
2. Xestionar o portelo único da Xunta de Galicia.
3. Realizar a atención ao público presencial e telefonicamente e informar sobre os trámites relativos ós asuntos municipais.
4. Realizar tarefas auxiliares de apoio administrativo ós distintos departamentos municipais.
5. Realizar o apoio administrativo na xestión dos procesos de traballo de carácter administrativo baixo a dirección dos respectivos superiores ou en base ás directrices sinaladas con carácter xeral.
6. Colaborar nos traballos administrativos de carácter administrativo da área, segundo a súa categoría e, en particular, nos traballos de trámite de expedientes e control dos mesmos.
7. Búsqueda, rexistro, clasificación, copia e arquivo de documentos, libros, etc.



8. *Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do servizo adscrito.*

**CONDICIÓNS DO POSTO DE TRABALLO:**

*O traballo desenvólvese: interior.*

*Os ruídos e vibracións son: normais.*

*Perigosidade: baixa.*

*Penosidade: baixa.*

*Outras condicións do posto: desprazamentos ocasionais.*

**SEGUNDO.** *Someter este acordo a información pública por prazo de vinte días hábiles ( art. 202 da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia) mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinar o expediente e formular alegacións ou reclamacións. Transcorrido devandito prazo, se non se presentaron alegacións, entenderase aprobada definitivamente a relación de postos de traballo.*

**TERCEIRO.** *Una vez aprobada definitivamente a modificación, publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e remitirase una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.”*

**INTERVENCIONES:**

Sra. Amoedo: se trae despois dunha sentenza TSX de Galicia que nos dá dez días. Estima o recurso da persoa que o presentou. Persoa que se readmita o debe ser a tempo parcial. Se propón o acordo de crear unha nova praza.

Sr. González (BNG): amosar a nosa satisfacción porque un traballador recupera o seu posto de traballo grazas a unha sentenza. Gobernado polo PP hai poucas garantías na empresa privada que os traballadores gañen este tipo de cuestións. Na Mesa de Negociación do 11 de xullo de 2018 mostrouse a conformidade, avalado polas organizacións sindicais. Apoiaremos.

Sr. Darriba: é a segunda que nos ocorre. Algo se está facendo mal. Agora se paga o soldo dende febreiro de 2017.

Sr. Cabaleiro (PSOE): na comisión informativa o PSOE votou a favor pero ó longo destes días estivemos pensando e falamos co secretario. Poden existir distintos puntos de vistas, se fixo unha reunión da mesa de negociación pero non sei si se aprobou. Hai resolución de alcaldía, informe de secretaría. Comezou a traballar en febreiro de 2000 no conservatorio de música. A súa





condición de persoal laboral indefinido non fixo foi un tema que non se tivo en conta e non se contou con que era representante do persoal, e iso nos levou a pagarlle a indemnización e readmitir. O que se pretende facer agora é crear unha praza de funcionario a xornada incompleta, pero non existe garantía a esta persoa que terá continuidade no seu posto de traballo. Coa Lei de Orzamentos de Estado e a taxa de reposición de efectivos, as promocións internas e os declarados indefinidos non fixos mediante sentenza xudicial non computan na taxa de reposición de efectivos. Negocien e teñan en conta que se crea unha praza funcionarial para alguén que é persoal laboral, hai bastantes dúbidas con esta cuestión.

Alcalde: os representantes sindicais escoitaron na mesa a proposta de Alcaldía e dos servizos xurídicos. E se acordou.

Sra. Amoedo: non se lía sr. Cabaleiro, hai unha sentenza. Temos que acatar a sentenza, é o que estamos facendo e tamén baixo o asesoramento xurídico.

Sr. Cabaleiro: se se pretende crear unha praza en servizos sociais, é un departamento sensible e resulta necesario, somos partidarios de que calquera praza de funcionario sexa a tempo completo. Queremos que se deixe enriba da mesa e lle demos unha volta.

Alcalde: a fórmula é a recomendada polos servizos xurídicos e hai acordo unánime dos sindicatos.

#### VOTACIÓN DA RETIRADA:

Sometida a votación a proposta de retirada do punto na Orde do Día, resulta rexeitada en votación ordinaria pola maioría dos concelleiros presentes, sendo 06 votos a favor do PSOE e 15 votos en contra (09 do PP, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito)

#### VOTACIÓN E ACORDOS:

Sometida a votación a proposta antes indicada, resulta aprobada en votación ordinaria por maioría dos concelleiros presentes, sendo 15 votos a favor (09 do PP, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito) e 06 abstencións do PSOE.



#### **4. Aumento do Límite Global das Gratificacións do Persoal Funcionario do Concello III**

##### ANTECEDENTES:

Vista a proposta da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda do día 20/07/2018 que di:

*“A día de hoxe, obsérvase que existen importes de gratificacións por servizos extraordinarios que están pendentes de aboar deste mes.*

*É por elo que é preciso proceder a realizar as pertinentes operacións orzamentarias que poidan amparar estas retribucións pendentes de aboar os empregados municipais.*

*No caso dos funcionarios, como vai supor un aumento do importe global das gratificacións extraordinarias aprobadas no seu momento polo Pleno, é preciso que a autorización para aumentar dito importe sexa outorgado polo órgano competente que é o Pleno da Corporación.*

*Incorpórase o informe de Intervención con referencia ASR18.07.18.2 de 18 de xullo que consta de catro páxinas.*

*En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:*

*Primeiro.- Establecer o importe máximo de gratificacións en 61.201,41 €, cumprindo coas condicións establecidas no informe da Intervención antedito.”*

##### INTERVENCIONS:

Sra. Amoedo: aumento de 3.300 euros para establecer o importe máximo de gratificación en 71.000 euros.

Sr Fojo: dicía a sra. Amoedo que as horas extra había que pagalas deste xeito. A culpa ou incompetencia é súa responsabilidade.

Sr. González: hai máis fórmulas que o pago das horas extras cando se fai un traballo a maiores; hai uns traballadores cos que se chega a un acordo. Facer referencia a que hai horas extras por limpeza de locais para tema de alfombras; e hai casos coma un traballador que está 6 horas para mantemento de vehículos do Concello fóra da xornada laboral.

Sr. Darriba: non o entendemos, no orzamento do ano que vén vostedes seguen na mesma. Nos resulta difícil de entender que vías e obras teña 12.000 euros por exemplo. Non compartimos este criterio, de seguir facendo o mesmo.



Sr. Cabaleiro: un mes máis e estamos coa mesma, falta de planificación. Defendemos pagar horas extras cando hai que pagalas de xeito excepcional. Volven culpar a oposición se non se aproban. Lle pido que reflexionen. Absterémonos.

Sr. Amoedo: non temos os orzamentos aprobados grazas as súas propostas. En vez de contratar persoal, empregamos horas extras. Ó sr. Fojo dicirille que non é o mesmo despedir que amortizar unha praza, pregunte se é o mesmo. A Lei de Orzamentos do Estado di que a masa salarial non pode aumentar máis de 1,75%. O PSOE aínda non fixo nada en Madrid para contratar máis persoal. Os traballadores teñen que facer un traballo e se lle debe pagar.

Sr. D arriba: segue sendo un problema de planificación, e é extraordinario o que non é previsto. E a maioría destas cousas son facilmente previsibles.

Sr. Cabaleiro: a única responsable é vostede sra. Amoedo. Nas horas extraordinarias son vostedes os responsables de administralas.

Sra. Amoedo: vostedes (PSOE) traizoaron a Redondela, non aportaron nada en 5 meses. Son gratificacións a persoas que fan voluntariamente horas.

#### VOTACIÓN E ACORDOS:

Sometida a votación a proposta antes indicada, resulta aprobada en votación ordinaria por maioría dos concelleiros presentes, sendo 09 votos a favor do PP, 04 en contra AER do e 08 abstencións (06 de PSOE, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

### **5. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos VI**

#### ANTECEDENTES:

Vista a proposta da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda do día 20/07/2018 que di:

*“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.*

*A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 18 de xullo de 2018, así como certificación de existencia de crédito.*



A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

**Segundo.-** Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 13.664,92 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2018:

TERCEIRO	Nº FACTURA	DATA DA FACTURA	IMPORTE APLICACIÓN
ROSANA PICHEL PICHEL	02/18	19/02/2018	2.359,50 €1531A.6190010
URBASER S.A.	27502FACT170043	30/06/2018	9.071,36 €1722A.2269903
Mª PILAR MONTENEGRO GONZÁLEZ	30/2017	07/11/2017	50,08 €3231A.4890003
Mª PILAR MONTENEGRO GONZÁLEZ	29/2017	07/11/2017	50,08 €3231A.4890003
Mª PILAR MONTENEGRO GONZÁLEZ	33/2017	07/11/2017	50,08 €3231A.4890003
Mª PILAR MONTENEGRO GONZÁLEZ	32/2017	07/11/2017	50,08 €3231A.4890003
Mª PILAR MONTENEGRO GONZÁLEZ	31/2017	07/11/2017	50,08 €3231A.4890003
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE18137004157305	20/03/2018	733,95 €1651A.2210000
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE18137004291345	20/03/2018	1.015,27 €1651A.2210000
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE18137000518730	20/03/2018	234,44 €1651A.2210000

”



## INTERVENCIONS:

Sra. Amoedo: dá o importe da relación. Con Urbaser había un erro na facturación.

Sr. Darriba: alguén comproba o tema de Urbaser das algas? Estamos gastando dunha maneira incontrolada.

Sra. Amoedo: estas facturas son fiscalizadas pola intervención. Ten que existir un control se non se poden pagar. Houbo un problema con estas facturas, URBASER recurriu e URBASER gañou. Se propoñen outro método o vemos e estudamos.

## VOTACIÓN E ACORDOS:

Sometida a votación a proposta antes indicada, resulta aprobada en votación ordinaria por maioría dos concelleiros presentes, sendo 17 votos a favor (09 do PP, 06 de PSOE, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito) e 04 abstencións de AER.

O sr. Alcalde, sendo as 22:12 horas acorda un receso na sesión. Sendo as 22:35 horas reiníciase.

## **6. Aprobación inicio procedemento declaración como BIC Danza das Penlas de Redondela**

### ANTECEDENTES:

Vista a proposta da Comisión Informativa de Cultura do día 20/07/2018 que di:

**“ASUNTO: PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE CULTURA E TURISMO D CONCELLO DE REDONDELA, PARA A DECLARACIÓN DE BEN DE INTERESE CULTURAL DE GALICIA, DA DANZA DAS PENLAS DE REDONDELA**

Dada a enorme relevancia e importancia que para a Cultura do noso concello ten esta Danza das Penlas, así como polo grande valor que representa para o conxunto da Cultura en Galicia, é polo que se propón a esta Comisión aprobar o acordo de elevar ao Pleno do Concello de Redondela a solicitude de Declaración de B.I.C. de Galicia da mesma, perante a Xunta de Galicia, tendo en conta o seguinte relatorio:



## A ORIXE:

As Penlas de Redondela constitúen a maior testemuña, sen parangón, de participación dos gremios nas reunións ou festas do pobo, dentro do panorama etnográfico europeo.

O termo etimolóxico PENLA, segundo algúns filólogos, vén do étimo latino *puella*, *doncella* ou nena. En Redondela tamén se emprega o diminutivo e agarimoso cualificativo de PENLIÑA. En canto ao apelativo “Burra” que se da á portadora da Penla é lóxico pensar que fai alusión ao duro traballo físico de cargar coa nena, especialmente cando eran rapazas maiores como describía Don Casto Sampedro Folgar, nenas de sete a once anos, aínda que na actualidade son moito máis noviñas.

A súa orixe está documentada durante a Alta Idade Media segundo Don Casto Sampedro e, a pesares de ter existido en diferentes poboacións (Pontevedra, Santiago de Compostela, Bouzas, Ribadavia, Allariz, Cangas...), non hai constancia da súa pervivencia hoxe en día.

O nacemento da danza das Penlas é anterior á súa participación na Festa do Corpus Christi (século XIII). Aparece ligada á renovación anual da natureza como homenaxe á primavera, incorporándose de forma semellante que outras manifestacións gremiais ao acompañamento das procesións, que máis ou menos polas noticias conservadas, serían así: rebulicio, rúas con adobíos de fiúncho, espadanas, flores... balcóns adornados con colchas, mantóns... desfile de xigantóns; as danzas de cada oficio; o Demo, a Tarasca ou a Coca que queren significar a submisión ao Santísimo de todos os seres, incluídos os monstruosos.

Pénsase que polo seu carácter tan arraigado, logrou chegar ata o século XVI, onde se incorpora esta expresión pagá ás procesións da liturxia do Corpo de Deus, sempre segundo os expertos, grazas á existencia deses gremios onde eran principalmente as mulleres as que formaban a man de obra, procedentes dos núcleos de a Vila Nova e a Vila Vella de Redondela.

A alma do pobo galego pagán e cristián, conviven cos símbolos da igrexa que os asimilou e santificou envolvéndoo en zume litúrxico, deixando a pegada de sentimentos que coñecemos e que perdura ao longo do tempo. As Penlas son, polo tanto, unha manifestación pagá traspasada á celebración Eucarística, logo de ser instituída a procesión. As procesións de hoxe en día, con maior ou menor esplendor, tenden a unha simbiose destas tradicións.

Acredita a música da nosa danza das Penlas á orixinalidade étnica: música saudosa, testemuña de seño, melancolía que tende a arredar a atención ao son da gaita e tamboril, como instrumentos característicos dos pobos de orixe celta. Estas expresións en forma de danza estiveron sempre perseguidas polos códigos canónicos da Idade Media, pero foron, malia todo, tradicións deses tempos que chegaron ata os nosos días.



### **AS PENLAS:**

Antigamente as PENLAS eran tres, proporcionadas respectivamente polos oficios femininos de *cuartilleras* (vendedoras), panadeiras da Vila Nova (Redondela) e a terceira por Vila Vella.

Eran levadas na procesión do Corpus Christi sobre os ombreiros das "BURRAS", que as suxeitaban por medio duns ariños fortes atados á cintura.

Levaban un fermoso e enfeitado traxe moi rico e variado nos detalles e cheo de colorido e adornos, cedidos por persoas de boa posición social e económica. Aínda que orixinalmente puideran ir descalzas sobre os ombros das "Burras", co tempo calzaban medias e zapatos brancos; lucían pendentes de ouro e prata sobredourada, colares e multitude de cadeíñas..., adoitaban levar tamén un asubío de prata.

Na actualidade, a indumentaria componse dun vestido branco cunhas ás de plumas coma os anxiños, na cabeza unha grilanda ou coroa e nos puños atan unhas cintas de tecido brancas. As "BURRAS" vestían saia, blusa rizada, mantelo, mandil e pano na cabeza; na actualidade levan un pano branco na cabeza e sobre os ombreiros; chambra, saia, mandil e calzado; todo da mesma cor.

### **A DANZA:**

Durante séculos, bailarían de forma independente dentro das igrexas de Santiago de Redondela e Vila Vella, e podían moverse bailando por toda a procesión ao redor da Custodia (Corpo de Deus), ao tempo que lle facían reverencias. Despois pasaron a bailar no adro ao saír o cortexo procesional da igrexa; tamén bailaban en todas as paradas e no Campo das Monxas en Vila Vella. Bailaban dentro e fóra do grupo da Danza de Espadas, comezando polo saúdo a Virxe, que facía a segunda Penla, e continuando a primeira Penla, que estaba na cabeza dos danzantes, con saúdos dirixidos ao Santísimo; facían soar os asubíos, axitando os brazos e o corpo executando movementos e contorsións, e botaban flores; todo isto dentro dos movementos que desenvolvían as "Burras" en combinación coas figuras da Danza de Espadas.

A coreografía en liñas xerais segue sendo a de sempre, formando un único conxunto coa Danza de Espadas; bailando ao son da gaita e tamboril e as castañolas que tanxen os danzantes.

### **CONCLUSIÓN:**

Esta danza plástica, vigorosa e belida, co seu rápido ritmo na ofrenda, representa unha manifestación típica e inconfundible de sons e melodías que endexamais morreran e recenden ao incomparable fondo popular.

Quedando, xa que logo, coma vestixio único e representación singular de tradicións que, noutrora eran correntes, pero que hoxe se perderon en todas as poboacións onde se bailaba, non só aquí en Galicia, senón tamén en España e en Europa.



Redondela, hoxe e no futuro, ten, polo tanto, a obriga de protexer e coidar desta DANZA DAS PENLAS, como elemento único que se mantivo sen interrupción dende hai catro séculos e conservando moito do seu primitivo significado e atavío, ata os nosos días. E ten tamén o deber de que outras instancias da administración cataloguen e protexan este ben para que a nosa cultura máis propia e antiga siga viva e perdure como parte da nosa sociedade.

É imprescindible que non se chegue a esvaecer e a perder como sucedeu noutras poboacións.

#### **ACORDO:**

Polo exposto, propónse que sexa o Pleno do Concello de Redondela, o que aprobe a solicitude neste acto, para que dende os servizos de Cultura deste Consistorio, se inicie o expediente de Declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) de Galicia ante o Goberno da Xunta de Galicia, como parte fundamental e a protexer do noso Patrimonio Histórico e Cultural Inmaterial.

Este acordo será o inicio desta petición que se elevará á Dirección Xeral do Patrimonio da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, cumprindo co estipulado no Decreto 430/1991 de 30 de decembro, que regula a tramitación para a declaración de bens de interese cultural de Galicia e se crea o Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, así como o sinalado no Título V da Lei 5/2016 de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, referido ao Patrimonio Cultural Inmaterial.

Unha vez a Danza das Penlas de Redondela obteña a declaración de BIC, procederase a solicitar a ampliación desta declaración incluíndo a maiores da Danza das Espadas e a propia Coca, como un conxunto directamente relacionado coa Danza das Penlas e a súa historia.

Remitir e divulgar carta de apoio á declaración de BIC da Danza das Penlas de Redondela as asociacións, entidades e estamento cultural e social de Redondela para que voluntariamente se adhiran á petición, e proceder a remitilas conxuntamente co acordo plenario á Xunta de Galicia ”

#### **INTERVENCIONES:**

Sra. París: se trae este expediente para cumprir cun trámite preceptivo. O artigo 70 da Lei de patrimonio de Galicia é o punto de partida de que traíamos a proposta. Fago resumo da proposta que traemos para que conste en acta (dá lectura da proposta).

Ó tratarse dun ben de patrimonio inmaterial as persoas que poden iniciar este trámite están catalogadas por Lei, entre as que están as entidades locais.





Sr. Fojo: nos parece moi ben que se protexan estes costumes.

Sr. González: na comisión plantexamos algunha dúbidas. A danza das Penlas, das Espadas e da propia Coca están moi ligadas pero non son exactamente o mesmo. A danza das penlas nos interesa moito. As danzas de Cabeiro tamén queremos que se lles preste atención. É unha iniciativa que se vai adiante será para maior gloria do Alcalde de Redondela. Temos moitísimas dúbidas de separar, por activa e por pasiva se incide máis nas Penlas. A danza das Espadas nos parece moi importante poñela en valor.

Tamén plantexabamos o respaldo de entidades sociais, nos parece interesante que exista un traballo previo.

Sr. Covelo: o outro día tivemos a comisión, falamos que a danza das Espadas parece que quedaba un pouco desprazada e tamén preguntamos se se fixo consulta a outras entidades sociais. Comentamos a opción de facer unha carta de apoio pero temos a dúbida de se á hora solicitar como BIC a danza das Penlas tamén tivese aprobación. Falamos co SEREN por estas cuestións de asumir o risco de que denegasen. As nosas emendas xiran en torno a que unha vez se declare BIC a Danza das Penlas despois se pida unha ampliación para danza das Espadas e despois a Coca. Queremos darlle maior amplitude. Se podería completar coas cartas de apoio de entidades. Nos parece importante poñer en valor a tradición do baile cultural e que o pobo se sinta orgulloso, son elementos ancestrais e que están vinculados á cultura tradicional.

Sr. Araújo: o PSdeG defende a candidatura das tres representacións (Danza de Espadas, Tamborileiro, Gaitero, Penlas, burras e a Coca). As dúas danzas (Espadas e Penlas) están integradas nun único baile, polo que ten que ser esta a única proposta que se presente. Xa se levan máis de 10 anos recuperando elementos da Danza (figuras, o choqueiro, céntulo, restaurándose a Coca e os Cabezudos...), e animamos a recuperar ao San Cristóbal. Propoñemos que o expediente quede enriba da mesa para incluílos e loitar por presentala ante a UNESCO.

Sra. París: este plantexamento nace do equipo de goberno, tanto as Burras como as Penlas son promovidas por persoas individuais que transmiten este coñecemento ancestral. É complicado que poidan ter un recoñecemento expreso porque recae nestas persoas o peso de reunir a documentación e solicitalo. O Concello si que está recoñecido como entidade que pode poñer en marcha este expediente. Porque se escolle isto é polo valor substancial que teñen, sabemos que hai outros elementos que tamén teñen peso e valor; pero non podemos perder de vista que o valor da Danza das Penlas é moi importante. O que se quere deixar claro é que non se trata de facer



menosprezo a ningunha das partes que conforman a festa. Queremos que os que poidan ter un recoñecemento de forma máis sinxela poidan ir adiante. O recoñecemento das Penlas estamos facendo un esforzo por poñela en valor.

Sr. González: a concelleira dá explicacións pero pon moitos condicionantes. Seguimos pensando que teñen que estar ligadas. Aspiraríamos a que a Danza das Penlas e das Espadas vaian da man. Para nós non acaba de ser unha proposta clara, pensamos que debería ser unha proposta colectiva. O Concello de Redondela aunque non sexan BIC ten que fomentalo e propiciar que se coñezan moito máis. Non lle daremos o apoio pero tampouco votaremos en contra. O BNG xa dixo no seu momento que as propostas que se fagan se realicen con tempo (en referencia ás emendas).

Sr. Covelo: as emendas van nesa liña.

Sr. Araújo: levo 15 anos bailando a Danza das Espadas, e unha cousa non vai sen a outra. Que se diga que vai ó BIC a Danza das Penlas é algo que non entendemos, pero ¿porque non intentalo con todo xunto, resaltando ao valor das Penlas? A canta máis xente estudada e sensibilizada na materia se pregunte moito mellor, deixese aconsellar. En Redondela temos moitos expertos na materia, hai libros publicados (como do recoñecido historiador local, José Martínez Crespo, do membro da Real Academia Galega Clodio González Pérez...). Mal imos cunha concelleira que non está defendendo a nosa Cultura, ¿cantos libros publicou sobre a cultura no seu mandato? No mandato do PSOE con Xaime Rei hai un libro publicado respecto da festa da Coca, que lle animo a ler.

Sra. París: o PSOE tivo case 30 anos para poder facer isto. Se o Concello como entidade local non o arranca, esta Danza das Penlas non tiraríase para adiante porque primeiro terían que constituírse en asociacións. Para facer petición para UNESCO previamente ten que existir a declaración de BIC. Agora mesmo temos unha representación das Festas da Coca. Quero agradecer a aportación que fixo o SEREN. Axudaron a redactar esta proposta. Todo o que temos hai que promocionalo.

#### VOTACIÓN DA RETIRADA:

Sometida a votación a proposta de Retirada do Punto na Orde do Día do PSOE, resulta **rexeitada** en votación ordinaria por maioría dos concelleiros presentes, sendo 06 votos a favor do PSOE e 15 votos a favor (09 do PP, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).



## EMENDA

Alcalde dá lectura da emenda que se transcribe a continuación:

### “EMENDAS PROPOSTA DECLARACIÓN BIC DA DANZA DAS PENLAS

A Agrupación de Electores de Redondela (AER) propón engadir os seguintes dous puntos á PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE CULTURA E TURISMO DO CONCELLO DE REDONDELA, PARA A DECLARACIÓN DE BEN DE INTERESE CULTURAL DE GALICIA, DA DANZA DAS PENLAS DE REDONDELA.

1.- Unha vez a Danza das Penlas de Redondela obteña a declaración de BIC, procederase a solicitar a ampliación desta declaración incluíndo a maiores da Danza das Espadas e a propia Coca, como un conxunto directamente relacionado coa Danza das Penlas e a súa historia.

2.-Remitir e divulgar carta de apoio á declaración de BIC da Danza das Penlas de Redondela as asociacións, entidades e estamento cultural e social de Redondela para que voluntariamente se adhiran á petición, e proceder a remitilas conxuntamente co acordo plenario á Xunta de Galicia”

### VOTACIÓN DA EMENDA:

Sometida a votación a proposta da inclusión da emenda, resulta aprobada en votación ordinaria por maioría dos concelleiros presentes, sendo 20 votos a favor (09 do PP, 06 do PSOE, 04 de AER e 01 do concelleiro non adscrito) e 01 abstención do BNG

### VOTACIÓN E ACORDOS:

Sometida a votación a proposta antes indicada coa emenda proposta, resulta aprobada en votación ordinaria por maioría dos concelleiros presentes, sendo 14 votos a favor (09 do PP, 04 de AER e 01 do concelleiro non adscrito). e 7 abstencións (06 de PSOE e 01 do BNG).

## **PARTE DE CONTROL**



## **7. Dar Conta do Informe do 2º trimestre 2018**

Dáse conta, visto o informe do interventor municipal con referencia ASR-18.07.18.1 de data 18 de xullo de 2018 en relación a execución do orzamento municipal e do estado da tesourería correspondente ao 2º Trimestre do ano 2018, en cumprimento da lexislación vixente e das bases de execución do orzamento do Concello de Redondela.

O Pleno do Concello queda informado.

## **8. Dar Conta dos Expediente de Modificación de Crédito: MC 15/2018.GC03/18, MC 16/2018.TC08/18, MC 17/2018.GC04/18, MC 18/2018.GC05/18, MC 19/2018.TC09/18, MC 20/2018.TC10/18, MC 21/2018.GC06/18 e MC 22/2018.TC11/18**

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 15/2018.GC03/18 mediante a xeración de crédito por importe de 17.172,83 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 13.06.2018

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 16/2018.TC08/18 mediante a transferencia de crédito por importe de 4.500,00 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 14.06.2018

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 17/2018.GC04/18 mediante a xeración de crédito por importe de 18.031,42 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2018

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 18/2018.GC05/18 mediante a xeración de crédito por importe de 173.504,67 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 19.06.2018

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 19/2018.TC09/18 mediante a transferencia de crédito por importe de 8.615,45 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 19.06.2018

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 20/2018.TC10/18 mediante a transferencia de crédito por importe de 28.000,00 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 29.06.2018



Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 21/2018.GC06/18 mediante a xeración de crédito por importe de 15.161,42 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 13.07.2018

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 22/2018.TC11/18 mediante a transferencia de crédito por importe de 10.544,69 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 16.07.2018

O Concello Pleno quedou informado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

## **9. Actividades de control do pleno.**

### **9.1 Dar conta das resolucións de alcaldía.**

O pleno queda informado das resolucións de Alcaldía. Non se producen intervencións

### **9.2 Mocións.**

Alcalde: propoño que se retire a moción do Entroido de Verán e mañá falar desta cuestión en xunta de voceiros. Pactan deixalo enriba da mesa para mañá.

Sendo as 23:18 horas abandona a sesión Xoan Carlos González (BNG).

### **9.3 Rogos e preguntas.**

#### **PREGUNTAS:**

O Sr. Covelo dá lectura das seguintes preguntas:

**Preguntas formuladas por AER sobre a reserva de prazas nocturnas no centro de día de Cesantes. (Rex. Entrada 02.07.2018, 2018-E-RPLN-14).**

**“Sobre a reserva de prazas nocturnas no centro de día de Cesantes. O goberno local ven de comentarlle recentemente aos grupos políticos da súa**



intención de reservar 10 prazas de día completo para persoas de Redondela. Esta cuestión suscítanos varias dúbidas e cuestións:

- O Centro de Día de Cesantes é competencia da Xunta de Galicia, ao igual que Servizos Sociais depende da administración autonómica. Non obstante A Xunta unha vez máis pretende renunciar á súa responsabilidade e busca que os concellos paguen polo servizo que eles deben ofrecer.
- O custe desta reserva parece que podería chegar case ao 180.000€ ao ano, cun custe mensual por persoas dun 1.491,03€, custe que poucas persoas poden asumir polo que esa reserva implicaría un importante custe do concello, moi elevado en comparación co orzamento destinado a axudas de emerxencias e outras dentro do departamento de Servizos sociais, para dar servizo unicamente a 10 persoas ao ano.
- Esta reserva de prazas implicaría que o concello debería dotarse dunha ordenanza fiscal coa que non conta para poder cobrarlle aos usuarios o custe destas prazas. Por outro lado observamos que a carga do funcionariado aumentaría con todo este novo procedemento, sobre todo tendo en conta que o cobro deste servizo corresponderíalle á Xunta.

Así pois, PREGUNTAMOS:

**Poderíannos dar unha explicación rigorosa sobre o custe que suporía esta propostas, as implicacións que suporía e como o goberno local pretende enfocar esta cuestión? ”**

Resposta Sra. Amoedo: agora que se aproban os orzamentos e podemos levar a cabo o convenio co Consorcio para desfrutar de 10 prazas de uso residencial, o que se fará é un regulamento que regule a admisión. Se fará coa colaboración de servizos sociais. O que facemos con isto é garantir que as persoas que estean dentro dunha lista por cumprimento da normativa e que están pendentes dunha praza dos centros de residenciais, as primeiras que haxa serán as primeiras que entren. Regulamento que acordemos entre todos. Farase Regulamento e Ordenanza Fiscal.

**Preguntas formuladas por AER sobre a celebración do Festival Internacional de Artistas da Rúa. (Rex. Entrada 24.07.2018, 2018-E-RPLN-15).**

**“1. Sobre a celebración do Festival Internacional de Artistas da Rúa.** O vindeiro 3 de agosto celebrarase un ano máis o Festival Internacional de Artistas de Rúa con actuacións polas diversas prazas de Redondela. Ás 21:45h programouse a obra "A Vida Tola" na Praza de Pontearreas. Como toda a veciñanza pode comprobar, día tras día esa praza está literalmente "ocupada" polas mesas e cadeiras das terrazas sen quedar apenas espazo libre, nin tan



sequera o mínimo legal establecido pola correspondente ordenanza. Polo que preguntamos:

**Como vai proceder o Concello para que se poida celebrar esta actuación na Praza de Ponteareas de xeito que o público conte con espazo suficiente para contemplar a obra e non estea obrigado a sentarse na “macroterraza” alí existente véndose obrigado si ou si a consumir neses locais que ocupan, co consentimento do goberno local, a totalidade da praza?? ”**

Resposta Alcalde: ordenarase como todos os anos, non haberá problema para que Vilavella teña ese espectáculo. A idea é integrar a Vilavella nas actividades lúdicas. Sempre se fai coa idea de que haxa espazo para todos.

**Preguntas formuladas por AER sobre o patrocineo do festival “Sinsal Son Estrella Galicia” polo Concello de Redondela. (Rex. Entrada 24.07.2018, 2018-E-RC-9814).**

“Sobre o patrocineo do festival “Sinsal Son Estrella Galicia” polo Concello de Redondela.

Na programación cultural do verán 2010 aparece anunciado ao festival Sinsal para os días 26-29 de xullo. Nesta información indícase que o evento é organizado pola empresa promotora musisal Sinsal audio. Tamén se indica que o Concello de Redondela patrocina este evento.

Así pois, PREGUNTAMOS:

**En que consiste o patrocíneo do Concello de Redondela ao festival Sinsal Son Estrella Galicia 2018?”**

Resposta Sra. París: é unha cita anual que se fai en Redondela e ten gran importancia. Un festival que traballa en prol de valores e son punta de lanza. Nós facemos un patrocinio en base ó retorno publicitario e financiamento de case 8.000 euros. Profesionais que veñen uns 5 días facendo posible que o festival saia adiante.

**Preguntas formuladas por AER sobre as porterías e equipamento deportivo na nova pista de futbito de Ventosela. (Rex. Entrada 24.07.2018, 2018-E-RC-9815).**

**“Sobre as porterías e equipamento da nova pista de futbito de Ventosela**

Unha vez rematada a obra da nova pista de futbito de Ventosela e observando que non se dotou das porterías e demais equipamento deportivo.

Así pois, PREGUNTAMOS:



**Para cando se instalarán as porterías e equipamento deportivo na nova pista de futbito de Ventosela?"**

Resposta Alcalde: estamos nelo.

O Sr. Álvarez (PSOE) dá lectura das seguintes preguntas:

**Preguntas formuladas por PSOE sobre a falta de marquesiñas na parada de autobuses escolares nas paradas habilitadas na PO-250 Estrada a Pazos de Borbén. (Rex. Entrada 24.07.2018, 2018-E-RE-1068).**

“Numerosas nais e pais de Reboreda achegáronnos as súas queixas pola falta de marquesiñas para os autobuses escolares nas paradas habilitadas na PO-250 Estrada a Pazos de Borbén xa que os nenos e nenas que acoden ao instituto non teñen onde resgardarse os días de inverno. Cabe engadir que nos dous puntos que reclaman hai sitio para a colocación de marquesiñas.

**PREGUNTAS:**

Pensa o Goberno Municipal do PP de Redondela habilitar unhas marquesiñas para os nenos e nenas que acoden ao instituto collendo o transporte escolar na PO-250 Estrada a Pazos de Borbén? ”

Resposta sra. Barciela: non teño demanda destas marquesiñas nin por pais, ANPA... nin por ninguén.

**Preguntas formuladas por PSOE sobre a seguridade do paso de peóns e semáforo fronte o mercado de Chapela. (Rex. Entrada 24.07.2018, 2018-E-RE-1069).**

“Tras a humanización da Avenida de Vigo os coches van a gran velocidade, aumentando o perigo para os peóns. Mesmo o martes 17 de xullo, case atropelan a unha persoa que cruzaba polo paso de peóns fronte ao Mercado de Chapela.

**PREGUNTAS:**

Pensa o Goberno Municipal do PP de Redondela reforzar a seguridade do paso de peóns e semáforo sito fronte ao Mercado de Chapela? ”

Resposta Alcalde: coa humanización unha das cuestións que se reforzaron foi a seguridade. Aínda que exista reforzamento da seguridade co paso de peóns e semáforo con pulsador. Hai unha demanda de que se poidera ampliar máis o número de segundos pero xa contemplan que non se precipiten por iso se





deixa unha marxe desde que se pulsa. Se plantexou tamén a posibilidade dos badems. Hai asociacións e condutores de ambulancias que tamén nos comentan os problemas de poñer os lombos.

Sr. Álvarez: o semáforo non ten a visibilidade suficiente.

Alcalde: tomo nota.

Alcalde: os rogos da anterior sesión pendentes se incorporan na acta.

## **ROGOS**

**Rogos formulado por AER varios temas (Rex. Entrada 30.05.2018, 2018-E-RE-711).**

### **“3. Sobre as autorizacións de espectáculos pirotécnicos.**

Considerando que se trata dunha actividade na que se manipulan materiais perigosos, para os cales se deben establecer mecanismos de control rigorosos, e co fin de favorecer que ditos mecanismos funcionen adecuadamente.

Vistas as consecuencias que pode ter o incumprimento das normas e o doado que pode ser incumprilas, coas consecuencias de todos sabidas,

rogamos:

**Que o Sr. Alcalde estableza como parte da normativa para a autorización dos espectáculos pirotécnicos que: “Toda solicitude deberá vir acompañada dunha copia actualizada dos permisos que acrediten que a empresa pirotécnica conta coas autorizacións e licencias precisas”.**

Suxerimos que para unha mellor redacción da norma a establecer se requira da participación dos técnicos de Secretaría e Intervención.

**Rogos formulado por AER sobre a Xestión da Biomasa no Dominio Público (Rex. Entrada 06.06.2018, 2018-E-RPLN-12).**

### **“1. Sobre a xestión de biomasa no dominio público de estradas e viais en Redondela.**

A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia respecto a xestión de biomasa en estradas e vías de comunicación establece:

*Artigo 20 bis. Redes primarias de faixas de xestión de biomasa.*



Nos espazos definidos como redes primarias de faixas de xestión de biomasa será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei:

a) Ao longo da rede de autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais, deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Ademais, nos ditos terreos non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei.

b) Ao longo da rede ferroviaria, deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Nesta faixa non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei.

Artigo 21 ter. Persoas responsables.

1. Con carácter xeral, entenderase por persoas responsables:

b) Nos supostos a que se refiren o artigo 20 bis e, de ser o caso, a letra b) do artigo 21 bis, as administracións públicas, as entidades ou as sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das modalidades previstas legalmente, das vías de comunicación, liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, subestacións eléctricas, liñas de transporte e distribución de gas natural e estacións de telecomunicacións.

Nas estradas dependentes de diversa administración (deputación, Xunta de Galicia e Goberno Central) que transcorren polo territorio do Concello de Redondela vese observando que as accións de xestión de biomasa limítanse a rozas dun 2-3 metros nas beiras destas vías. A lexislación indica que deben actuar sobre todo o dominio público polo que en numerosos casos queda parte desta superficie sen rozar ou sen cortar as árbores non autorizadas.

Por todo o mencionado,

**ROGAMOS que por parte do goberno local demanden ás diferentes administracións con vías de comunicación en territorio de Redondela que cumpran a lexislación de incendios en canto a xestión de biomasa e eliminación de arborado non autorizado en toda a franxa do dominio público e non só nos 2-3 metros das beiras.”**

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e trinta e tres minutos do día indicado no encabezamento, o sr. Alcalde dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretario, dou fe.